# UNHA VEZ FUN Ó MUIÑO

© Manuel Rico Verea

1
Unha vez fun ó muíño
cun fato de nenas novas
elas todas en camisa
e eu no medio en cirolas.

2
Unha noite no muíño,
unha noite non é nada,
unha semaniña enteira
esa si que é muiñada.

3
Moe, muíño, moe, muíño,
bota a fariña na roda;
prá muller do muiñeiro
é un cantar que namora.

4
Á porta daquel muíño
púxenme a considerar
as voltas que dá o rodicio
e as que aínda ten que dar.

